



## Do espazo e do tempo históricos en *Resistencia*, de Rosa Aneiros

Diego Rivadulla Costa  
(Universidade da Coruña)

diego.rivadulla@udc.es

**Resumen:** Entre las tendencias de éxito que se han apuntado para la narrativa gallega publicada a partir de 1975 destaca la eclosión de la novela histórica, especialmente de aquella que se centra en recuperar el pasado más reciente. Es en este ámbito donde tenemos que situar a *Resistencia* (2002), novela que consolidó a Rosa Aneiros como escritora en el sistema literario gallego. La autora construye aquí un relato de amor ambientado en la dictadura salazarista y protagonizado por dos víctimas de la opresión y represión del régimen, que participan en algunos de los acontecimientos clave de la Historia portuguesa. La obra cumple buena parte de las características que la crítica atribuye a la denominada novela histórica: la narración de hechos acontecidos en un tiempo pasado, la presencia de personajes históricos, la verdad de los acontecimientos o la verosimilitud de personajes y hechos ficticios. En este caso, uno de los principales recursos de que se vale Aneiros para dotar de realismo y verosimilitud al relato es la precisa localización espaciotemporal. La autora representa y recrea un tiempo histórico convirtiéndolo en eje vertebrador de la novela hasta el punto de que ésta se estructura de acuerdo con la evolución de la Historia portuguesa. Distinguiremos las tres partes clásicas del relato –introducción, nudo y desenlace– y veremos cómo se corresponden cronológicamente con tres épocas del Portugal del siglo XX, además de comprobar cómo la Historia en *Resistencia* no es solo telón de fondo, sino que la ambientación es tan poderosa que cobra, por momentos, todo el protagonismo, condicionando definitivamente el devenir de los personajes.

**Palabras clave:** Rosa Aneiros, novela histórica, narrativa galega actual, historia de Portugal, salazarismo

**Resumo:** Entre as tendencias de éxito que se teñen apuntando para a narrativa galega publicada a partir de 1975 destaca a eclosión da novela histórica, especialmente daquela que se centra en recuperar o pasado máis recente. É nesta liña onde temos que situar *Resistencia* (2002), novela que consolidou a Rosa Aneiros como escritora no sistema literario galego. A autora constrúe aquí un relato de amor ambientado na ditadura salazarista e protagonizado por dúas vítimas da opresión e represión do réxime, que participan nalgúns dos acontecementos clave da Historia portuguesa. A obra cumpre boa parte dos trazos que a crítica vén atribuíndo á denominada novela histórica: a narración de feitos acontecidos nun tempo pasado, a presenza de personaxes históricos, a verdade dos acontecementos ou a verosimilitude de personaxes e feitos ficticios. Neste caso, un dos principais recursos de que se vale Aneiros para dotar de realismo e verosimilitude o relato é a precisa localización espazotemporal. A autora representa e recrea un tempo histórico converténdoo en eixo vertebrador da novela, até o punto de que esta se estrutura de acordo coa evolución da Historia portuguesa. Distinguiremos as tres partes clásicas do relato –introdución, nó e desenlace– e veremos como se corresponden cronoloxicamente con tres épocas do Portugal do século XX, ademais de comprobarmos

como a Historia en *Resistencia* non é só pano de fondo, senón que a ambientación é tan poderosa que cobra, por momentos, todo o protagonismo, condicionando definitivamente o devir das personaxes

**Palabras chave:** Rosa Aneiros, novela histórica, narrativa galega actual, historia de Portugal, salazarismo

**Abstract:** Among the successful trends that have been listed for Galician narrative published since 1975, the emergence of the historical novel particularly stands out, especially the one that focuses on recovering the recent past. This is where we should place *Resistencia* (2002), the novel that has consolidated Rosa Aneiros as a writer in the Galician literary system. Here, the author builds a love story set during Salazar's dictatorship. The protagonists of the novel are two victims of the oppression and the repression of the regime, who participate in some of the key events of the Portuguese history. Apart from the signs of historicity and the historical references in general, one of the main resources that Aneiros uses to provide the story with realism and verisimilitude is the accurate time-space localization. The author represents and recreates a historical time making it the backbone of the novel to the point of structuring it according to the evolution of the Portuguese history. We will differentiate the three classic parts of the story – beginning, middle, and end– and see how they chronologically correspond with three moments in the Portugal of the twentieth century. Furthermore, we will check how history in *Resistencia* is not only the background. In fact, the atmosphere is so powerful that, at times, it captures all the attention, certainly conditioning the development of the characters.

**Keywords:** Rosa Aneiros, historical novel, galician current narrative, portuguese history, salazarism

A pesar de os estudos dedicados á narrativa galega actual seren aínda escasos, si se teñen apuntado certas tendencias de éxito das obras publicadas a partir de 1975. Entre elas está, sen dúbida, como sinala Vilavedra (2010), a eclosión con forza da novela histórica, especialmente daquela que se centra en recuperar o pasado máis recente. Do mesmo modo que sucede coas xa coñecidas como “novelas da guerra civil” española, cuxa acción trata de recuperar o tema da contenda nacional nun exercicio de memoria e de conciencia histórica, segundo ten apuntado López Silva (2006), os narradores galegos da época democrática ambientaron tamén as súas ficcións na posguerra, na ditadura franquista ou noutros momentos clave do século XX. É nesta liña onde temos que situar a exitosa *Resistencia* (2002), Premio Arcebispo Xoán de San Clemente, onde Rosa Aneiros evoca a opresión e represión das vítimas do Portugal da ditadura de Salazar. Foi a novela que a consolidou como escritora no sistema literario galego e a primeira en que mostra unha preferencia especial, que será unha constante na súa produción novelística, por construír relatos ambientados en momentos históricos moi concretos, que a autora reconstrúe con fidelidade para cuestionalos ou, como ela mesmo ten indicado, “para botar luz e rescatar do esquezo episodios que non deben ser soterrados nunha gabilia anónima da memoria colectiva”.

Concordamos con Asorey Vidal (2007) en que *Resistencia* é unha novela de compromiso, herdeira do realismo crítico, porque constitúe un percorrido pola historia recente de Portugal e amosa como a colectividade padece a tiranía do Estado Novo de Salazar. A novela é, pois, segundo Asorey, “un mural e un canto á resistencia fronte á opresión”, polo que entroncaría coa chamada narrativa de resistencia do terceiro mundo<sup>2</sup>. No entanto, a obra cumpre, sen dúbida, boa parte dos trazos –actualizados recentemente por Lefere (2013)- que a crítica vén atribuíndo á denominada novela histórica, ou “nova novela histórica” de seguirmos a terminoloxía do acertado estudo de Luengo (2012): a narración de feitos acontecidos nun tempo pasado que a autora e a maior parte dos potenciais lectores non vivimos, a presenza de personaxes históricos, a verdade dos acontecementos e a verosimilitude de personaxes e feitos ficticios. Neste caso, para alén dos signos de historicidade (Freire López, 1991) e do uso de digresións históricas, cremos que o principal recurso de que se vale Aneiros para dotar de realismo e verosimilitude ao relato é a precisa localización espazotemporal. No entanto, o que pretendemos mostrar ao longo deste traballo é que a localización temporal da narración non é simplemente iso, senón que a autora representa e recrea un tempo histórico convulso converténdoo en eixo vertebrador da novela até o punto de que esta se estrutura de acordo coa evolución da Historia portuguesa.

---

1 Cita extraída da entrevista realizada a Rosa Aneiros con motivo deste traballo de investigación no mes de xullo de 2014. De aquí en diante *ERA* (*Entrevista a Rosa Aneiros*).

2 Como a de Aneiros, a narrativa de resistencia “proporciona una análise histórica máis desenvolvida das circunstancias da dominación económica, política, cultural e da represión” (Harlow, 1993, p. 111).

Cun narrador omnisciente e valéndose da técnica do *flashback*, *Resistencia* narra a historia de Dinís e Filipa desde o seu nacemento nos anos 40 do século pasado -o del froito da relación furtiva e ilexítima de Isaura e Antonio Gonçalves, que nunca o recoñecerá como fillo e acabará suicidándose pola frustración, e o dela do matrimonio entre Rui Rodrigues, próspero empresario cun negocio de comercio transoceánico, e Inés- até 1994, ano en que comeza e finaliza a narración. Os protagonistas coñécense e namóranse no verán de 1959 na vila mariñeira de San Pedro de Moel, onde Dinís vive e Filipa veranea coa súa familia. Porén, a vida -e o réxime salazarista portugués- vainos levar por camiños diferentes e pór numerosos atrancos nos seus camiños. Mentres ela estuda na universidade en Coímbra, onde vive acomodadamente, el comeza a traballar moi novo como operario nunha fábrica de vidro, onde entra en contacto co movemento sindical e se inicia na loita revolucionaria. Os seus plans veranse truncados polo recrutamento deste para o exército e o seu traslado a Mozambique para loitar na guerra colonial portuguesa. Tras vivir o terror da loita, Dinís volve a casa e á fábrica, onde prepara unha revolta obreira que causará o seu encarceramento na prisión de Peniche. Ante isto, Filipa entra en contacto tamén coa oposición estudantil á ditadura, encabezando protestas e véndose obrigada ao exilio en Brasil, perdendo todo o contacto con Dinís, xa que a PIDE ten confiscados os centos de cartas que este lle escribe. Tras unha longa estadía en prisión e o trunfo da Revolución dos Cravos no 74, o protagonista é liberado e volve á súa vida até que Filipa, a causa da morte do pai, decide voltar ao país no ano 94 e descobre expostas no Museo de Peniche as misivas requisadas que o seu namorado lle escribira anos atrás. O final aberto da novela prodúcese cando unha Filipa consciente de que Dinís segue vivo e namorado dela se atopa ante un cruce de camiños que a poden levar de volta a Brasil ou de novo até San Pedro de Moel para se producir o reencontro.

A precisión espacial e temporal de *Resistencia* é unha das súas características innegábeis e, sexa dito tamén, o mellor instrumento para lograr unha historia realista e verosímil, para conectar a historia ficticia coa Historia portuguesa con maiúsculas, para unir ficción con realidade e para conseguir o reflexo da segunda na primeira. A autora localiza perfectamente todos os episodios en espazos e tempos reais e concretos e, por tanto, facilmente identificábeis. Haberá lugar para falarmos dos espazos máis adiante, mais agora ocuparémonos do tempo de *Resistencia*. O primeiro a termos en conta para o estudo temporal da novela, alén da xa mencionada precisión, é o emprego do *flashback* como técnica narrativa estrutural. As primeiras palabras do capítulo 1 (“Aquel día do verán de 1994”, R, p. 9<sup>3</sup>) encamiñanse xa nesta dirección. Aneiros pretende situarnos ao inicio da obra nunha contemporaneidade, a do ano 1994, que dará lugar a unha ollada retrospectiva que constitúe toda a historia central. Esta localización contemporánea será retomada nos capítulos finais -35 e 36- para pechar o relato. No entanto, todo o núcleo da obra -que consideramos do capítulo 8 (finais do 7) até o capítulo 34- constitúe, pois, un *flashback* formado pola historia de Dinís e Filipa, os protagonistas, desde que se coñecen en 1959 até o desenlace en 1994.

Podemos afirmar, por tanto, que o tempo da novela é, fundamentalmente, o da segunda metade do século XX, desde os anos 50 até os 90. Esa é a localización temporal da historia. Porén, atopamos en *Resistencia*, tras o capítulo 1 que nos situaba no 1994, e até o capítulo 8, onde comeza o núcleo da historia, unha serie de episodios introdutorios -do 2 ao 7- que funcionan a modo de presentación das personaxes protagonistas e dos espazos clave para o desenvolvemento da novela. Deste modo, a partir do segundo capítulo, a autora preséntanos San Pedro de Moel<sup>4</sup>, a Marinha Grande<sup>5</sup> e o

---

3 Citaremos a novela, de aquí en diante, pola edición de 2013 recollida na bibliografía e referirémonos a ela coa abreviatura R, seguida do número de páxina correspondente á cita.

4 Pequena vila costeira de case 400 habitantes, pertencente á freguesía e concello da Marinha Grande, en Portugal. Está situada a cen quilómetros de Coímbra polo norte e a douscentos da capital, Lisboa, polo sur.

5 Cidade portuguesa pertencente ao distrito de Leiria, rexión Centro e sub-rexión do Pinhal Litoral, con cerca de 10.500 habitantes. É sede dun municipio de 38.681 habitantes (2011), subdividido en tres freguesías.

Pinhal do Rei<sup>6</sup>, os que serán os tres escenarios fundamentais da trama. As presentacións das personaxes, pola súa banda, realízanse tamén a través da técnica da analepse, que pode retrotraernos nestes capítulos iniciais aos anos vinte, para contarnos o nacemento de Isaura ou Rui Rodrigues, ou aos corenta, para situarnos na chegada ao mundo de Dinís e Filipa.

Como ten sinalado Luengo (2012), o escritor de novela histórica emprega o marco histórico baseado en datas, lugares, imaxes e episodios coñecidos para reconstruír o pasado ou o infra-pasado de personaxes ou grupos ficticios. A través desa representación do pasado portugués do século XX que constitúe *Resistencia*, das referencias que se fan a el a través de longas digresións históricas ou de breves alusións a personaxes, organismos e Institucións reais, podemos establecer unha evolución cronolóxica paralela da Historia de Portugal e do relato ficticio da novela. O seguinte cadro cronolóxico permitiranos aclarar a localización temporal de cada parte e estudar o desenvolvemento da trama á par do da realidade portuguesa do pasado século, alén de ver como a localización temporal, histórica, aquí non é só pano de fondo:

Comezos década dos 20: Historia de Remédios e nacemento de Isaura		1920	I República (1910-1926)	Anos 20: grave crise en Portugal
Anos 20: nacemento Rui e Filipa Rodrigues		1926	Ditadura militar (1926-1933)	1926: golpe do Xeneral Gomes da Costa
Anos 30: os Rodrigues estudan en Lisboa. Morte de Filipa	Capítulos 2-7 Presentación das personaxes e espazos	1933		1932-1933: Salazar convértese en presidente do Consello e a Constitución do 33 converte a ditadura militar no réxime do Estado Novo.
1940: nace Dinís				1950: mudanzas sociais e crise económica
1945: nace Filipa				Anos 50-60: crise do goberno, terremoto delgadista (1958), golpe da Sé, fuga de Cunhal de Peniche e Operación Dulcinea (1960).
1959: os protagonistas coñécense en San Pedro de Moel e namóranse	Capítulos 7-9 Dinís e Filipa coñécense e comeza a súa historia	1959		1961: comezo da guerra colonial en Angola, Guinea e Mozambique
1963: Dinís é reclutado polas Forzas Armadas e parte a Mozambique	Capítulos 10-11 Dinís na guerra en Mozambique	1963	Estado Novo: Oliveira Salazar (1933-1968)	
1966: Dinís regresa, encontro con Filipa e achegamento ao comunismo	Capítulos 12-16 Volta á Marinha Grande e preparación da revolta na fábrica	1966		
1968: revolta na fábrica de vidro da Marinha Grande e prisión de Dinís en Peniche. Fuxida a Río de Xaneiro	Capítulos 17-31 Prisión de Dinís en Peniche e exilio de Filipa no Brasil	1968	Estado Novo: Marcelo Caetano (1968-1974)	1968: incapacidade de Salazar e substitución por Marcelo Caetano
1971: morre dona Leonor				1973: o inmovilismo e a pesada carga da guerra colonial provoca a aparición do “movimento dos capitáns” (MOFA)
1974: Revolución e posta en liberdade dos presos políticos. Dinís volve a casa	Capítulos 31-36 Regreso de Dinís á Marinha Grande e evolución da democracia	1974	Época democrática (1974 - ...)	1974: Revolución dos Cravos e caída do réxime ditatorial
1994: morre Rui e Filipa regresa coas cinzas a Portugal. Visita ao Museo de Peniche e fin da historia	*Cap. 1: Dinís ao comezo da novela	1994		1976: Constitución e primeiras eleccións democráticas coa vitoria do PSP 1986: entrada na CE

6 O Pinhal do Rei, Mata Nacional de Leiria, ou Pinhal de Leiria é un bosque portugués que ocupa 11.080 hectáreas da costa atlántica. Abrangue as freguesías da Marinha Grande e Vieira de Leiria.

Rivadulla Costa, Diego (2016) “Do espazo e do tempo históricos en *Resistencia de Rosa Aneiros*”. En R. Hernández Arias, G. Rivera Rodríguez, S. Cuba López y D. Pérez Álvarez (Eds.) *Nuevas perspectivas literarias y culturales (I CIJIELC)*. Vigo: MACC-ELICIN. ISBN: 978-84-608-6759-3

Aneiros moléstase en localizar no tempo continuamente a acción e, ademais, a maioría dos acontecementos sinalados na táboa da cronoloxía portuguesa están aludidos na obra, participando en moitos deles os protagonistas do relato. Así, no capítulo 1, por exemplo, a autora retrotráenos, a través dunha analepse, a un día de abril de 1940, “nun Estado Novo que recrudecía a súa severa moralidade” (R, p. 13) para narrar o nacemento do protagonista, que vai medrando nos anos seguintes mentres asiste a mudanzas político-sociais como o fortalecemento da ditadura salazarista a comezos dos cincuenta, que provocara que “as clases altas fosen máis altas e as baixas máis baixas” (R, p. 37). No capítulo 7, para presentarnos á co-protagonista, sitúanos Aneiros en agosto do ano 1945, “duodécimo da era do Estado Novo e final da Segunda Guerra Mundial” (R, p. 53), un momento histórico convulso que ve nacer a Filipa Rodrigues, nena de ollos clarísimos e nariz pecoso.

As mudanzas estruturais producidas en Portugal desde 1950, que lentamente alterarán mentalidades, modos de vida e comportamentos da sociedade portuguesa, non evitan a profunda crise económica en que se some o país. Así, Aneiros transmite ao lector que “a comezos dos anos cincuenta, o fortalecemento da ditadura salazarista provocou que as clases altas fosen máis altas e as baixas máis baixas. Houbo fame para quen non quixo traballar arreo e luxos das colonias para quen se vanagloriou de empresas prósperas” (R, p. 37). É neste contexto dos anos 50 onde comeza o núcleo da novela, a historia de Dinís e Filipa, que se coñecen en San Pedro de Moel cando “xuño tiraba os seus mellores dardos de luz e calor naquel verán de 1959” (R, p. 56). Isto ocorría no final do capítulo 7 e até o capítulo 9 vaise ir desenvolvendo a súa historia, nos veráns de 1960, 61 e 62.

Será a finais daquel ano de 1963 cando as cousas muden para os protagonistas, que até este momento viven o seu amor sen demasiados obstáculos. Coñecemos no final do capítulo 9 que, en pleno mes de defuntos, Dinís, aos seus vinte e tres anos, recibe unha carta das Forzas Armadas recrutándoo para a guerra colonial, un dos conflitos máis escuros da Historia portuguesa do século XX. Como indica Aneiros, “a guerra nas colonias africanas comezara en 1961, tras décadas de revoltas e a tentativa absurda de Salazar de negar o evidente” (R, p. 79). Así, no momento en que Dinís é recrutado, a guerra xa hai dous anos que tiña comezado e, tal como se apunta no capítulo 11 da obra, corría 1964 cando en Mozambique comezaron as accións armadas. Sobre o desenvolvemento da loita armada dos portugueses coa Frente de Libertação de Moçambique, e sobre o ocultamento da realidade que existía en Portugal, cunha oposición interior e exterior conscientes da incoherencia da firme negativa do goberno portugués ante calquera alternativa que non fose a vitoria militar, recóllense na novela numerosas pasaxes ou digresións históricas como a seguinte:

De nada serviu toda a propaganda que os superiores do exército fixeran menosprezando o poder da organización independentista. Dician que non eran máis que uns centos de homes dispostos a saquear e matar por unha presa de dólares, pero os soldados portugueses do Niassa sabían que non era certo. As forzas do movemento revolucionario empregaban habitualmente o sistema das emboscadas para ferir os destacamentos lusos e normalmente facían con accións de fogo nas que empregaban minas, granadas e bombas de man. Cada vez os ataques resultaban máis frecuentes por moito que xustificasen que a FRELIMO, constituída por diversos grupos facciosos, estaba a desartellarse por mor dunha descohesión interna. Xa ningún militar luso cría niso. Dende que fora creada o vintecinco de xuño de 1962 baixo o liderado de Eduardo Mondlane<sup>7</sup>, non fixera máis

---

<sup>7</sup> Eduardo Chivambo Mondlane (1920-1969) foi un dos fundadores e primeiro presidente da Frente de Libertação de Moçambique (FRELIMO), a organización que loitou pola independencia de Mozambique do dominio colonial portugués. Morreu o 3 de febreiro de 1969 ao abrir unha encomenda que contiña unha bomba, que, segundo se sospeita, tería sido preparada pola PIDE, mais nunca ficou esclarecido. O día da súa morte é celebrado en Mozambique como o Día dos Heroes Mozambicanos.

que medrar e recibir o apoio de países tan diversos como Estados Unidos, China ou Alxeria. Sabíano todo.

R, pp. 94-95

Tras vivir a loita e a morte en primeira persoa, como tantos combatentes portugueses vítimas dunha guerra que nada lles importaba, a finais de 1965, cando o protagonista “levaba xa un ano e oito meses en África” (R, p. 96), abandonaron Mozambique. Tras a longa viaxe de regreso de varias semanas e ser recibido na Marinha Grande, Dinís reencóntrase con Filipa na primavera de 1966. Nos capítulos 13 e 14 corre o ano 66 coa incorporación do protagonista ao movemento obreiro e as lecturas guiadas polo compañeiro Raúl, entre as que se encontran a revista *Avante!*, órgano do clandestino Partido Comunista. Mentres Filipa, xa unida ás loitas estudantís, se afilia tamén ao PCP en Coimbra, dinos o narrador: “chegou 1967 e foi marchando tamén coma se o tempo quedase atrancado nun muíño de auga cíclico e repetitivo” (R, p. 115). A aparición de 1968 “colleunos por sorpresa” (R, p. 118) e marcará o futuro dos protagonistas para sempre. O 17 de marzo morre Inés, a nai de Filipa, mentres que no país corren novas sobre os movementos revolucionarios que se están a producir en Europa contra réximes absolutistas. Dinís sente emoción e esperanza mentres prepara cos compañeiros, ao longo deste capítulo 15, unha revolta contra os abusos na fábrica en que traballa.

Como a propia Aneiros recolle noutra das súas digresións históricas, no ano 68 “Europa fervía como unha ola a presión con ganas de estourar e botar polos aires tanta hipocrisía e turbadores réximes absolutistas que afogaban a millóns de persoas” (R, p. 118). Son, efectivamente, anos convulsos en Europa, polo “Maio francés” do 68, a ola de axitación no occidente europeo e nos EE. UU. ou a “Primavera de Praga”. No entanto, a revolta obreira, narrada no capítulo 16, fracasa e Dinís, aínda que se salva de ser fusilado, acaba preso xunto con outro compañeiro. Tal como dá conta Aneiros (R, p. 126), o 4 de setembro de 1968, Salazar, con 79 anos, foi vítima dun hematoma cerebral e, ante a incapacidade para gobernar, o Consello de Estado nomea a Marcelo Caetano como presidente e sucesor. Era o inicio do “marcelismo”, que comezou con grande apoio debido a promesas e esperanzas reformistas que se irán vendo frustradas nos anos seguintes, de acordo coa inmutabilidade propia do réxime (Rosas, 2006, p. 83). Así introduce a autora nese capítulo 16 o episodio da folga, que viría provocado polo momento de inestabilidade política:

Os preparativos estaban rematados en agardando o momento idóneo, e ese intre chegou en setembro. António de Oliveira Salazar sufriu unha trombose coronaria e, cando Portugal quería crer que acabara o seu pesadelo particular, Marcelo Caetano foi elixido como substituto no Consello de Presidencia. O balbordo ocasionado polos cambios políticos permitiulles moverse con certa tranquilidade.

R, p. 126

Volvendo á trama narrativa, a partir do capítulo 17, o protagonista é encarcerado en Peniche, unha das prisións políticas da ditadura<sup>8</sup>, segundo a autora a “actual fortaleza onde Marcelo Caetano, e antes Salazar, confina os disidentes ao seu réxime fascista” (R, 163). Precisamente a este episodio da prisión en Peniche, Aneiros dedica amplas digresións explicativas coma esta que pon en boca de Filipa no capítulo 20:

Sabía xa que Peniche era unha vila mariñeira do sur situada nunha antiga illa unida á terra por unha lingua de area. [...] Daba acubillo a unha prisión militar de alta seguridade ben afamada pola súa inaccesibilidade.

---

<sup>8</sup> Como sinala Rodríguez Gallardo (2011), entre as prisións políticas especiais do Estado Novo destacaron a Cadeia do Aljude de Lisboa, o Forte de Peniche, a Colónia Penal de Tarrafal e o Forte de Caxias

Equidistante a oitenta quilómetros de Lisboa polo sur e á Marinha Grande polo norte, poucas persoas conseguiran fuxir de alí, entre eles o camarada Álvaro Cunhal, contábanlle a Filipa entusiasmados os membros da resistencia. [...] Dician que a vida entre os seus muros era un inferno de sol, salmoira e humidade. Dician que as visitas estaban absolutamente controladas<sup>9</sup>. Dician que os compañeiros presos sufrían todo tipo de atrocidades e longos días de illamento<sup>10</sup> no Baluarte redondo, na *Casa da água* e nas propias celas claustrofóbicas.

R, p. 154<sup>11</sup>

A narración da estadía en prisión esténdese do capítulo 19 ao 31, ocupando a parte máis ampla da obra e alternándose coa descrición da nova vida de Filipa e seu pai no Río de Xaneiro, unha vez producida a ruptura da comunicación entre ambos polo requisamento por parte da PIDE das cartas que se escriben e nunca chegan ao destinatario. A separación definitiva de ambos camiños vitais prodúcese cando a moza recibe no Brasil unha misiva do cárcere de Peniche en que se lle notifica o falso pasamento do seu namorado e se lle roga que deixe de enviar correo á prisión. A situación do preso en Peniche é descrita con todo detalle, desde as torturas até as complicidades e intentos de fuga cos compañeiros reclusos, sen esquecer a localización temporal, que se volve máis difusa pola sensación de lentitude con que pasa o tempo que ten Dinís na cadea. No entanto, Aneiros sitúanos clara e concretamente no outono de 1968 no capítulo 19, en abril do 69 no capítulo 23, cando Isaura recibe a primeira carta do seu fillo e consegue ir visitalo a Peniche, en marzo de 1971 no capítulo 27, cando se anuncia a morte de Leonor e, finalmente, no capítulo 31 relata o trunfo da Revolución dos Cravos que poría fin á ditadura na tarde do 25 de abril de 1974. Esta é unha das tantas digresións históricas referidas ao episodio da revolución:

Establecido o posto de comando das forzas revoltosas no Rexemento de Enxeñería 1, na Pontinha, e difundidas as cancións *E depois do adeus* e *Grândola, Vila Morena*, que funcionaban como seña para o inicio da revolución...<sup>12</sup> [...] As unidades rebeldes procuraron apoderarse dos lugares estratéxicos (RTP, Radio Clube Português, Emisora Nacional, Cuartel Xeral da Rexión Militar...) da cidade de Lisboa<sup>13</sup> [...] As rendicións sucedíanse coa forza das fichas de dominó que caen ó taboleiro. Os da Escola Práctica de Cabalería dirixíronse ó cuartel do Comando Xeral da GNR, no Carmo, co fin de obter a rendición de Marcelo Caetano que se refuxiara alí [...]. Despois de varios intentos de negociación, o xeneral Spínola, mandado polo MFA, entrou no Carmo e obtivo a rendición [...] esa mesma madrugada. Todo Portugal caeu rendido ós seus pés

R, pp. 252-253<sup>14</sup>

As falsas expectativas reformistas creadas pola chegada de Marcelo Caetano ao poder en Portugal víranse pronto truncadas, o que unido á cada vez máis pesada guerra colonial e a unha total oposición exterior, segundo teñen indicado historiadores como Labourdette, son as que provocan o derrubamento do réxime

---

9 Así o comprobaremos durante a estadía de Dinís na prisión. As visitas serán moi controladas, producíndose sempre coa presenza dos gardas, e a súa prohibición funciona normalmente como castigo aos presos.

10 Dinís será un dos presos que permanece 99 días nunha desas celas de illamento, desde a súa chegada a prisión, como nos conta narradora no capítulo 21.

11 Rodríguez Gallardo (2011) dá conta dalgunhas destas características que compartían as prisións políticas do Estado Novo, en concreto Peniche e Caxias.

12 O xornal *A República* fixera nesa mañá un breve anuncio coa fin de atraer a atención dos auditores para a emisión Limite, que a Radio Renascença transmitiría á noite (Labourdette, 2003, p. 596).

13 O plano das operacións desa noite era coordinado polo militar Otelo Saraiva de Carvalho e, tras a música de Zeca Afonso, nos primeiros minutos do día 25, o MFA dominou, efectivamente, os sectores estratéxicos da capital como a radio, a televisión, o cuartel ou o aeroporto (Labourdette, 2003, p. 596).


14 Esteves (2013, p. 92) insiste na importancia da alianza “Povo-MFA, que foi chave das vitórias da revolução portuguesa e dos seus éxitos”.



ditatorial, que virá da man dos capitáns militares organizados no MOFA ou Movimento dos Oficiais das Forças Armadas no día 25 de abril de 1974. Así o narra Aneiros ao longo dese capítulo 31, onde, como puidemos comprobar, recrea eses acontecementos históricos con precisión e rigor, referindo cada un dos movementos producidos. Resulta un exemplo significativo da poderosa representación do tempo histórico na novela, da que vimos falando ao longo da nosa intervención. É na noite do 26 de abril cando serán liberados todos os presos políticos de Peniche, como sinala a autora, “os derradeiros homes en compartir a festa da chamada Revolución dos Cravos proclamada o día anterior” (R, p. 250).

A derradeira parte do relato, a comprendida entre os capítulos 31 e 36, desenvólvese temporal e historicamente no Portugal da post-revolución e chegada da democracia. Así, coñecemos como Dinís, tras ser liberado, volta á Marinha Grande, onde encabeza o movemento sindical da fábrica onde sempre traballara, vendo como “os anos pasaron velozmente”, tanto como os cambios políticos e sociais que os abordaron nos anos 80 (R, p. 269), segundo indica Aneiros referíndose ao asentamento do réxime democrático avalado pola Constitución portuguesa de 1976. Sen esquecer nunca a Filipa, Dinís gozou de numerosas conquistas amorosas e de recoñecemento político, que o fixo medianamente feliz. O capítulo 36 sitúanos xa en 1994, de novo na contemporaneidade que abría a novela, e conta o regreso de Filipa a Portugal para trasladar as cinzas do seu pai falecido. Así se produce o desenlace da novela que xa comentamos con anterioridade.

É doado distinguirmos, atendendo á análise que vimos facendo do relato até o momento, tres partes na estrutura da novela, que se corresponderían cronoloxicamente con tres épocas da Historia de Portugal e tamén, en liñas xerais, coas tres partes clásicas do relato: a primeira, que comprendería os capítulos iniciais –do 1 ao 7– funciona como introdución e recolle eses varios episodios de presentación, localizados, mediante a técnica do *flashback*, nos anos vinte (a historia de Remédios e o nacemento de Isaura no capítulo 5 ou o nacemento de Rui no 6, por exemplo) e a partir de 1940, cando nace Dinís; a segunda correspóndese, como xa indicamos, co núcleo da novela (capítulos 8-31), o nó na perceptiva clásica, que se localiza entre 1959 e 1974; e, finalmente, a terceira parte sería o desenlace da historia, do capítulo 32 ao 36, situada temporalmente após o 25 de abril, na época democrática, concretamente do ano 1974 ao 1994. É claro, por tanto, que a estrutura do relato responde á evolución cronolóxica desa Historia portuguesa do século XX que se retrata na novela e así o mostran tanto a localización temporal de cada unha das partes como as innumerábeis referencias ao tempo histórico, os signos de historicidade explícitos, segundo a terminoloxía de Freire López (1991). A seguir, propoñemos un esquema que pensamos que sintetiza ben esta estrutura:



Rivadulla Costa, Diego (2016) “Do espazo e do tempo históricos en *Resistencia* de Rosa Aneiros”. En R. Hernández Arias, G. Rivera Rodríguez, S. Cuba López y D. Pérez Álvarez (Eds.) *Nuevas perspectivas literarias y culturales (I CIJIELC)*. Vigo: MACC-ELICIN. ISBN: 978-84-608-6759-3

A introdución da obra, a parte de presentación de personaxes e espazos, corresponderíase cos comezos do Estado Novo (1920-1959). O nó da novela está conformado, como xa indicamos, pola historia de Dinís e Filipa e desenvólvese na segunda parte do Estado Novo cunha progresión lineal que vai do ano 1959 ao 74. Cómpre distinguirmos no núcleo da novela catro partes, de acordo coa evolución temporal e cos acontecementos históricos con que se relaciona o devir das personaxes protagonistas en cada un deses momentos:

Os primeiros anos de amor nos comezos dos sesenta (1959-63): nestes capítulos do 7 ao 9 hai referencias históricas á época de crise que vive Portugal, mais o tema central é o inicio da relación entre os protagonistas.

Os primeiros anos da guerra colonial (1963-66): os protagonistas sepáranse porque Dinís é enviado a Mozambique para loitar na Guerra Colonial, polo que a representación deste feito histórico se converte en condicionante e eixo destes capítulos 9-11.

Revoltas obreiras e represión na chegada do “marcelismo” (1966-68): a opresión dos obreiros da fábrica de vidro e o despotismo dos dirixentes, vasalos dun réxime que nestes intres muda a cabeza de Salazar pola de Caetano, é o centro dos capítulos 12-18.

A prisión de Peniche e a caída do réxime (1968-74): a principal prisión política do réxime ditatorial portugués e as atrocidades que nela se producían, sufridas polo protagonista e compañeiros, son o eixo vertebrador destes capítulos 19-31.

Finalmente, no desenlace da historia, do capítulo 31 ao 36, xa no Portugal democrático (1974-94), a Historia pasa realmente a un segundo plano, pois o trunfo da revolución e da democracia no país fai que esa parte de resistencia política que condicionaba as vidas dos protagonistas deixe de ser a principal.

Cómpre detérmonos, aínda que só poida ser brevemente, nunha cuestión que vai asociada a todo o que vimos anteriormente: o tratamento dos espazos da novela. Chama a atención a precisa localización espacial e a importancia que se lle dá a esta ao longo da narración, converténdose, sen dúbida, nun dos trazos que achega máis realismo á obra e complemento perfecto a esa representación do tempo histórico de que vimos falando. Segundo a autora –e así o podemos comprobar– a inmensa maioría dos lugares do libro e a súa ambientación son reais e coñecidos por ela mesma, agás aqueles referidos a Mozambique –Vila Cabral, o Niassa, Machava...–, a que accedeu a través de memorias de combatentes nas guerras coloniais (*ERA*, 11). Sobre a elección da Marinha Grande para a localización da historia, Aneiros ten recoñecido que, tras pasar uns días na zona, pareceulle un lugar con grande evocación literaria: o Pinhal do Rei, as fábricas de vidro, os areais maravillosos, São Martinho do Porto, San Pedro de Moel ou Leiría (*ERA*, 10).

Teñen chamado a nosa atención varios momentos en que o uso e descrición de espazos enriquece enormemente a trama narrativa. Referímonos, por exemplo, á presentación, con evocacións históricas, das localizacións protagonistas do relato: a Marinha Grande, San Pedro de Moel e o Pinhal do Rei. Así se refire o narrador á zona no capítulo cuarto:

A historia da Marinha Grande estaba estreitamente vencellada ó Pinhal do Rei, de feito sen el nunca nacería aquela vila inzada de fábricas vidreiras e operarios da construción. No século XVIII, por iniciativa do Marqués de Pombal, habilitárase alí a Real Fábrica de Vidros de Guilherme Stephens pola fartura de leña e

area para a elaboración de vidro. Dende entón, o número de centros de produción non pararía de medrar e xa polo 1940 sumaba por centos os operarios [...] Arredor desta industria medrou un mercado de produtos agrícolas e do mar que supuñan a base económica de miles de persoas do contorno, entre elas os veciños de San Pedro de Moel.

R, p. 17

E así se presenta o Pinhal do Rei, aquel que vira nacer o amor dos protagonistas:

O seu cultivo [de piñeiros] fora ordenado polo rei don Afonso III xa no século XIII e ampliado polo seu sucesor, don Dinís, consciente das virtudes do piñeiro no centroeste lusitano. Así, a madeira do piñeiral serviu para abastecer de materia prima ós estaleiros encargados da construción de naos que realizaron as viaxes transoceánicas cara a América e África no tempo dos descubrimentos. As expedicións lusas da Baixa Idade Media nutríronse das árbores bravas da Marinha grande para arribar ás colonias espalladas por máis de medio planeta.

R, p. 22<sup>25</sup>

O segundo momento de que falabamos atopámolo no capítulo 36, no regreso de Filipa a Coímbra, cando a protagonista, emocionada, percorre as rúas da súa infancia:

Percorreu a avenida de Sá Bandeira con nostalxia e marcada alegría [...] Meteu os dedos na inmensa cunha da Sé Vella e persignouse [...] Abandonou o templo de inmediato para bicar unha parede que sentía máis preto do corazón: a da casa de Zeca Afonso [...] Seguiu pola rúa Quebra Costas e o Arco da Almadina [...] Meteuse pola rúa das Azeiteiras; a do Poço; a das Ras; o Beço dos Prazeres; o Largo da Portagem e o cemiterio onde repousaban os restos de Inés, súa nai.

R, p. 286

Unha das localizacións esenciais da novela é, sen dúbida, o Forte de Peniche, ao que xa temos aludido. Construído no s. XVI cunha función defensiva, só no século XIX comezou a funcionar como prisión, tal como apunta a autora, ao servizo de diferentes causas: na época das invasións napoleónicas, na das guerras liberais, durante a I Guerra Mundial e, finalmente, durante o Estado Novo, para os presos políticos. Así o describe Aneiros no capítulo 22:

A fortaleza de Peniche, disque, era un istmo de terra pegado ó continente por un regueiro de xabre. Vila de pescadores e cativos dende antano, no recinto amurallado houbera disidentes da monarquía, pretendidos sabotadores da coroa, defensores acérrimos dos reis lusos e, daquela, presos políticos do réxime autárquico. Daquela, a finais dos anos sesenta, contaba con tres pavillóns de alta seguridade entre os que repartían o cento de presos. O pavillón A dispuña de dous pisos de salas colectivas; o B de tres pisos de catro celas

---

15 O Pinhal de Leiria, que marcou o inicio da plantación intensiva de piñeiro bravo en Portugal, foi, tal como indica Aneiros, inicialmente mandado plantar polo rei Afonso Henriques no século XIII, coa intención de protexer os terreos agrícolas da area transportada polo vento. Sería xa entre 1279 e 1325 substancialmente aumentado polo rei D. Dinís, para as dimensións actuais. O tamén coñecido como Pinhal do Rei foi, efectivamente, moi importante para os Descubrimentos Marítimos, pois foi a madeira extraída do lugar a usada para a construción das embarcacións que emprendían as expedicións coloniais.

individuais cada un e o C, un primeiro e segundo andar de salas colectivas e o terceiro de celas individuais. Dinís permanecera recluído os primeiros tres meses do que denominaban réxime de observación nunha cela illada

R, p. 188

Ao longo do noso estudo pretendemos aproximarnos a *Resistencia* desde o punto de vista do histórico, por consideralo un dos aspectos máis destacábeis da novela de Rosa Aneiros. Unha primeira lectura do libro, a que fai calquera lector, dá para ver que a Historia non é aquí un tema menor, un simple pano de fondo en que ocorre unha trama inventada, polo que a través da nosa análise nos propuxemos ver en que medida iso é así e como afecta o resultado final da obra. Puidemos comprobar, por tanto, que a representación dun tempo histórico, o do Portugal do Estado Novo, é tan poderosa que cobra, por momentos, todo o protagonismo, condicionando definitivamente o devir das personaxes. Alén disto, a Historia portuguesa do s. XX funciona como elemento estruturador da novela, pois os acontecementos e as etapas da primeira son as que marcan os episodios e as partes do relato. No entanto, como vimos, nalgúns partes pesa máis a historia e noutras máis a ficción. A propósito disto, recollemos as seguintes palabras da autora extraídas do epílogo:

Os lugares, personaxes e acontecementos que se relatan nesta historia son reais. Algúns pertencen á realidade escrita nos libros de Historia e, tamén, na memoria das persoas que o viviron. Os outros, os que habitan na realidade inabrangüible da Literatura resultan reais na súa mensaxe, na súa denuncia, no seu desacougo e, tamén, no seu optimismo soterrado.

R, p. 299

Como vemos, o uso por parte de Aneiros dos recursos estudados é consciente e provoca un resultado brillante en que realidade e ficción se entrecruzan facendo que ás veces *Resistencia* pareza a biografía dunhas vítimas da ditadura salazarista e logo marcelista. Poderíamos afirmar, pois, que non estamos simplemente ante unha novela de localización histórica, senón ante unha participación da Historia na ficción e viceversa. As personaxes da ficción, aínda sen mesturárense coas reais, participan na Historia, nos acontecementos reais da época e iso fai, por tanto, que a ficción participe da realidade e a realidade da ficción, converténdose Dinís e Filipa en perfectos exemplos (case) reais da *resistencia*.

## Bibliografía

- Aneiros, R. (2013) *Resistencia*. Vigo: Xerais.
- Asorey, D. (2007) “Apuntamentos sobre dúas narradoras: para una tentativa de clasificación e lectura de *Concubinas*, de Inma López Silva, e *Resistencia*, de Rosa Aneiros”. En González, Helena; Lama, María Xosé (Eds.) *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e outros pobos da Península* (pp. 33-43). Sada: Edicións do Castro.
- Esteves, J. A. (2013) “A revolução portuguesa: os valores de Abril no futuro de Portugal”. *Vértice*, 169, pp. 89-94.
- Freire López, A. M. (1991) “Signos de historicidad y prosa de ficción: sobre el realismo en la novela”. En Covo, Jacqueline (Comp.) *Las representaciones del tiempo histórico* (pp. 62-68). Lille: Presses Universitaires de Lille.
- Harlow, B. (1993) *Literatura de resistencia*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Labourdette, J. F. (2003) *História de Portugal*. Lisboa: Publicações Dom Quixote.
- Lefere, R. (2013) *La novela histórica: (re)definición, caracterización, tipología*. Madrid: Visor Libros.
- López Silva, I. (2006) “A Guerra Civil: mundo posible e memoria histórica na narrativa actual”. En Alonso Montero, X. y Villar, M. (Coords.) *Guerra civil e literatura galega (1936-1939)* (pp. 107-122). Vigo: Xerais.
- Luengo, A. (2012) *La encrucijada de la memoria*. Berlín: edition tranvía.
- Rodríguez Gallardo, A. (2011) “Mujeres en prisión durante la dictadura portuguesa”. *Studia Historica. Historia Contemporánea*, 29, pp. 337-366.
- Rosas, F. (2006) “Pensamiento y acción política en el Portugal del siglo XX”. En Gómez, Braulio; Palacios, Diego (Eds.) *Una historia política de Portugal. La difícil conquista de la democracia* (pp. 51-110) Madrid: Siglo XXI.
- Vilavedra, D. (2010) *A narrativa galega na fin de século. Unha ollada crítica dende 2010*. Vigo: Galaxia.